



ADEGA, Amigos da Terra, APDR (Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra), CEMMA, Federación Ecoloxista Galega (FEG) e Verdegaiá

Eleccións Municipais 2015

PROGRAMA POLA TERRA Por uns concellos sustentábeis

Propostas para o desenvolvemento de actuacións políticas sustentábeis a nivel local

O “Programa pola Terra. Por uns concellos sustentábeis” recolle as propostas do ecoloxismo galego para que os diferentes partidos e coalicións políticas as integren na súa acción tanto de goberno como de oposición nos concellos de Galiza

O vindeiro día 24 de Maio celebraranse as eleccións municipais. Coa presentación deste documento as organizacións [...] queremos salienta outra volta a importancia dos concellos á hora de realizar actuacións tendentes a acadar un modelo ecoloxicamente sustentábel no noso país.. A amplitude da crise ambiental global, significada polo cada vez máis perceptíbel cambio climático, o esgotamento dos recursos naturais e o incremento das desigualdades sociais, é de tal magnitude que precisa dunha mudanza radical nas políticas desenvolvidas por todas as Administracións e, nomeadamante por aquelas máis próximas á cidadanía: os concellos.

PRINCIPIOS BÁSICOS:

a) O actual modelo económico e social é inxusto e insustentábel.

Calquera proxecto político responsábel debe supeditar o desenvolvemento económico á capacidade dos ecosistemas para anovar os seus recursos naturais e assimilar os impactos ambientais, amais de acadar a xustiza social. A actual crise económico-financeira precisa dunha resposta ecolóxica e solidaria que inicie a transición cara a un novo modelo que non faga depender o benestar social do consumo desbocado de recursos naturais propios e alleos. Unha resposta produtivista agravará a crise ambiental e non mellorará de forma durábel as condicións de vida da cidadanía. A procura da sustentabilidade debe comprometer tamén aos concellos: debe minguar o consumo de materiais e enerxía baixo criterios de ecoeficiencia, suficiencia e solidariedade, para garantir o benestar da cidadanía e os demais seres vivos que partillan connosco o territorio.

No nivel local radica unha parte importante da solución ao problema ambiental e da crise económica. A creación de emprego local nos servizos cidadáns é inversamente proporcional ao grao de cesión da xestión destes servizos á empresas foráneas e multinacionais. Os exemplos da xestión do lixo (recolla selectiva, reciclaxe e compostaxe versus incineración e vertido), do saneamento e depuración de augas (sistemas descentralizados e de baixo custo fronte aos sistemas convencionais), ou mesmo da xeración e autoconsumo de enerxías renovábeis son claros a este respecto.



10 PROPOSTAS PARA CAMIÑAR CARA Á SUSTENTABILIDADE NOS CONCELLOS

1. Integrar enerxía, mobilidade e loita contra a contaminación.

Estabelecer como obxectivo da lexislatura a redución do 20% do consumo enerxético a través de políticas de aforro, eficiencia e xestión da demanda, aumentando a promoción das enerxías renovábeis e substituíndo sistemas nos lugares públicos e fixando obxectivos concretos e verificábeis para cada tipo.

Dende os concellos deberíase fomentar e incentivar economicamente os sistemas de autoconsumo doméstico de enerxía con fontes renovábeis para deste xeito reducir a dependencia eléctrica e a pobreza enerxética.

Elaborar Planos de Mobilidade Sustentábel mancomunados ou integrados no desenvolvemento das áreas metropolitanas e comarcais, que faciliten o acceso ao transporte público e que fomenten a intermodalidade e o transporte non motorizado en zonas urbanas, limitando o uso do vehículo privado.

Promover unha forte restrición do uso do automóbil, moi especialmente nas áreas urbanas e metropolitanas, através da peonización masiva, as iniciativas de tráfico pacificado, os camiños escolares, etc. e fomentar intensamente os xeitos de transporte sustentábeis (peonil, bicicleta, transporte colectivo e tren de proximidade).

Estabelecer mecanismos efectivos que supoñan unha maior esixencia para cumprir co deber municipal de garantir o dereito cidadán a un aire saudábel, mediante políticas activas de medición e control das emisións en transportes, calefaccións e procesos industriais.

En materia de contaminación por electromagnetismo, aplicación do principio de precaución e do principio ALARA (tan baixo como sexa razoablemente alcanzable) na exposición aos campos electromagnéticos (CEM), segundo o recomendado pola Axencia Europea de Medio Ambiente (dende 2007) e a Resolución 1815/2011 da Asemblea Parlamentaria do Consello de Europa, e como o Colexio Oficial de Biólogos de Galiza (2012). Débese reducir a exposición aos CEM, minimizando os límites de exposición en base ao coñecemento actualizado dos seus efectos biolóxicos coa súa monitorización global en tempo real (comezando con 0'6 V/m en exteriores para radiofrecuencias e 1 mG en frecuencias extremadamente baixas), impulsando campañas educativas especialmente no ámbito educativo, potenciando os centros de ensino libres de exposición CEM, e recoñecendo a Electrohipersensibilidade (EHS) e a protección das persoas electro-hipersensíbeis no ámbito sanitario, laboral, público e privado. Débense promocionar as tecnoloxías e técnicas de comunicación biocompatíbeis e sustentábeis como a conexión por cabo, así como informar e favorecer as normas sanitarias de convivencia e protección da exposición pasiva.

2. Protexer os espazos naturais, a flora, a fauna e a paisaxe.

Catalogar os espazos naturais locais ora ameazados, ora de interese ambiental ou paisaxístico, así como dos seus hábitats, flora e fauna, para preservalos, potenciando a súa incorporación en figuras de protección tanto locais coma supramunicipais. Os concellos con territorio na Rede Natura 2000 deben promover e divulgar iniciativas sustentábeis centradas no valor engadido que estes valiosos territorios e os seus elementos naturais teñen para os seus habitantes. Os proxectos produtivos que supoñan un uso tradicional que contribúa ao mantemento da biodiversidade deberían ser apoiados, xunta cos proxectos de lecer que axuden a coñecer e conservar os valores naturais destes espazos.

Reverter superficies ao monte público ou comunal, naqueles casos nos que fose expropiado para dotación de servizos, sexan áreas de interese natural ou solo rústico non edificábel.

Fomentar a conservación dos bosques autóctonos, non só polo seu valor como patrimonio natural, senón tamén polo seu carácter de prestadores de servizos ecosistémicos (purificadores do aire, reguladores do ciclo hídrico, cortalumes naturais, acubillo de biodiversidade, produtores de solo, etc.). Os seus propietarios/as deberían ser compensados, mesmo economicamente, por manteren bosques e soutos cuxos servizos benefician a toda a cidadanía.

Controlar as especies bioinvasoras, mediante a eliminación de especies agresivas nos xardíns, o control de plantacións ornamentais e forestais, o control de comercialización de especies foráneas e a recollida e canalización das especies introducidas.

Aplicar a Lei de protección dos animais domésticos e salvaxes, para garantir a súa dignidade e a reinserción dos animais abandonados. Asinar compromisos públicos cos dereitos dos animais, que se traduzan na práctica na prohibición no termoi municipal de calqueira tipo de espectáculo que implique maltrato animal (touradas e similares) así como a instalación de circos con animais. Cada concello debe contar, de xeito individual ou mancomunado, con instalacións dignas para a acollida de animais domésticos abandonados, con recursos suficientes e atendidos por persoal axeitado. A eutanasia de animais abandonados solo debe xustificarse por razóns clínicas, nunca por falta de espazo nas instalacións. Os zoos e acuarios existentes deberán reconvertirse como centros de apoio á rede de centros de recuperación de fauna silvestre, potenciando a súa función educativa e de protección das especies autóctonas e como zona de acollida de especies exóticas exclusivamente en cumprimento da normativa CITES.

Fomentar a custodia do territorio como ferramenta de conservación do patrimonio natural e cultural dacordo á Lei 42/2007 do Patrimonio Natural e da Biodiverdidade. Apoiar esta estratexia administrativamente (facilidades nos permisos, exención de taxas, etc), economicamente (liña de axudas a entidades e técnicos/as de custodia, recoñecemento de produtos de custodia, etc) e aplicar beneficios fiscais ás propietarias e propietarios que asinen acordos de custodia do territorio.

3. Implantar unha nova cultura da auga.

Incorporar os principios da Nova Cultura da Auga para promover de xeito efectivo e prioritario o aforro de auga en todos os sectores (doméstico, industrial e agrogandeiro). Pódese e débese garantir a dotación do servizo de auga potábel universal á cidadanía sen poñer en perigo a conservación dos recursos hídricos así como das brañas e turbeiras, polo seu papel fundamental na regulación e preservación dos sistemas e bacías fluviais. Porén a xestión da auga para o consumo humano debería reflectir os custos ambientais. A fiscalidade deberiase revisar aplicando escalas que favorezan o consumo responsable e penalicen economicamente os altos consumos e o desbaldimento, reducindo os volumes mínimos tarifado (1º tramo) e incrementando o progresivamente o prezo unitario nos sucesivos tramos.

Débese garantir tamén o saneamento integral das augas residuais mediante a separación e reutilización de pluviais (promovendo o uso destas para regos, loita contra incendios...), a creación de sistemas mixtos e de depuración natural, evitando a sobrecapacidade das EDAR e aumentando a súa efectividade. A maioría dos concellos galegos contan con condicións idóneas para a aplicación de sistemas descentralizados de saneamento e depuración, baseados en tecnoloxías naturais e de baixo custo, como alternativa verdadeiramente sustentábel aos sistemas centralizados ou ás depuradoras compactas de elevado consumo enerxético hoxe dominantes.

Esixir o cumprimento da Directiva de augas residuais que obriga aos núcleos de poboación de máis de 2000 habitantes a tratar as súas augas e a súa extensión mediante un tratamento axeitado a todos os demais núcleos de poboación, así como da Lei de protección da calidade das augas das Rías de Galiza e de ordenación do servizo público de depuración de augas residuais urbanas, que regula o tratamento de ditas augas. Verificar tamén para as augas residuais industriais o cumprimento das normativas de depuración, exixindo un tratamento separado das augas residuais urbanas para evitar disfuncións nas depuradoras públicas e trasladar os custos á cidadanía.

Recuperar as áreas fluviais e litorais, con especial atención ás rías, controlando a calidade das augas, inspeccionando as verteduras e penalizándoas segundo a lexislación vixente.

4. Aplicar unha política de ordenación do territorio que limite drasticamente o crecemento urbanístico e defenda a costa.

O compromiso municipal de cara a un ordenamento territorial sustentábel debe facerse efectivo mediante a participación social real no deseño e xestión urbanística, ademais da planificación e organización racional do territorio fronte á especulación.

Cómpre limitar os novos crecementos urbanísticos ás necesidades reais de vivenda para primeira residencia e equipamentos públicos, evitando a ocupación de terras de interese agrario ou ecolóxico. Apostar por cidades e vilas compactas como garantía de dotación de servizos fronte á dispersión e á fragmentación, e antepor a rehabilitación e o uso das vivendas baleiras á construción de novas. As expansións urbanísticas en áreas urbanas serán sempre arredor dos núcleos e non suporán máis dun 10% sobre a superficie urbana e a poboación actuais.

Potenciar a construción reversíbel e eficiente dende un punto de vista ambiental, aplicando procedementos comúns, en particular aqueles que sirvan dunha forma máis eficaz para defender o territorio, como o uso de materiais de construción locais, deseños e materiais acordes coa contorna, a mimetización, etc.

É necesario protexer de forma permanente e efectiva todos os solos non urbanizados situados a 500 metros do mar ou a 100 metros dos ríos, así como impedir novos recheos no litoral. Para evitar a especulación, fóra dos núcleos tradicionais costeiros os concellos deben renunciar a reducir a servidume do dominio público de 100 a 20m como permite a recente modificación da Lei de Costas.

Os concellos costeiros deben rexeitar a continuidade das políticas de “rexeneración” de praias mediante o aporte artificial de area. Paseos marítimos e infraestruturas de alto impacto deberían retirarse da primeira liña de costa e non renovar as concesións de servizos privados que degraden a contorna costeira acometendo a rexeneración e a recuperación para o uso público do litoral.

5. Apostar pola redución, a reciclaxe e a compostaxe dos residuos sólidos urbanos.

Implantar a nivel local políticas realmente comprometidas e ambiciosas co obxecto de frear o medre na produción de residuos, establecendo medidas que incentiven a redución, a reutilización e a reciclaxe de residuos, por esta orde. Neste senso, os concellos deberían implicarse asumindo tanto no referente aos residuos como transversalmente nas demais áreas a estratexia do “Residuo Cero” (Zero Waste).

Planificar o abandono da incineración e apostar pola compostaxe como a solución máis viábel para a xestión da materia orgánica, implantando planos de compostaxe municipais que impliquen diferentes niveis (individual, colectivo, municipal e mancomunado), para acadar ao final da lexislatura unha participación mínima do 40% da poboación nestes programas. Cun custo similar ou incluso inferior para os concellos ao do modelo SOGAMA, a reciclaxe e compostaxe permitiría crear en Galiza máis de 2000 empregos novos, distribuídos localmente por todos os concellos.

Promoción de servizos de recollida de residuos “porta a porta” para reciclar e puntos limpos en zonas residenciais, comerciais e industriais. Criazón de puntos limpos que funcionen como centros de asesoramento, educación e prevención sobre residuos. Posta en marcha dun banco de electrodomésticos e dispositivos reutilizábeis que permita a canalización segura dos inservíbeis para a reciclaxe.

Incentivar ás empresas e centros comerciais para a redución de envoltorios e plásticos e promover o uso das bolsas reutilizábeis, as de papel e da cestería como alternativa.



Apostar polo mantemento da xestión pública directa e pola remunicipalización dos servizos de recollida de lixo, limpeza viaria, parques e xardíns.

6. Defender a soberanía alimentar e apoiar ao sector primario para manter un mundo rural e mariñeiro vivos.

Promover e incentivar aquelas actividades locais produtivas do sector primario que teñan un carácter sustentábel para garantir a calidade de vida e evitar o abandono, fronte a outras agresivas como a megaminaría.

Os concellos deberían servir de mediadores nos conflitos entre intereses cruzados (comunidades de montes, gandeiros/as e produtores agrícolas) para afianzar a convivencia e afortalar continuidade das actividades locais do sector primario, sen comprometer os recursos dos ecosistemas.

Impulsar dende o concello as redes curtas de comercialización para mellorar os ingresos dos produtores e produtoras e incentivar o consumo de alimentos locais e galegos. Recuperar espazos de cultivo, fundamentalmente en concellos semiurbanos onde os terreos quedaron abandonados. Crear unha bolsa de hortas que permita recuperar todos eses terreos, dando a oportunidade de cultivar a todas as persoas dispostas a facelo devolvendo a fertilidade ás terras.

Declarar o concello “Libre de Transxénicos” facendo as xestións oportunas para evitar o cultivo e o consumo de organismos e produtos xeneticamente modificados no seu territorio. Nas instalacións e organismos dependentes da Administración Local non se servirán alimentos que conteñan organismos xeneticamente modificados (OXM) ou derivados deles, poñendo en marcha mecanismos para asegurar o acceso de gandeiros/as e labregos/as a pensos sen transxénicos para a alimentación animal.

Implicar aos concellos na criazón de novas reservas mariñas de interese para garantir o futuro da pesca e o marisqueo artesanais.

7. Recoñecer a importancia dos coidados básicos para a vida, o papel das mulleres neles e facilitar novos esquemas de xénero ao respecto.

As achegas da economía feminista e do ecofeminismo na análise dos coidados básicos para a vida fan preciso situar sobre esta cuestión o foco da acción política, na medida en que o permitan as respectivas competencias das administracións. Podemos destacar cando menos tres exemplos diferentes que evidencian isto: o coidado das persoas (menores, maiores e dependentes en xeral), o coidado da terra (labregas) e o coidado dos animais (colectivos e institucións adicadas a esta actividade). O protagonismo das mulleres nestes tres eidos é moi claro.

Os concellos deben ser sensibles a esta realidade e desenvolver políticas sociais, educativas e de revalorización desas tarefas que faciliten:

- O recoñecemento da importancia dos coidados e do papel tradicional das mulleres neles.
- A posta en valor social e económico de certas actividades, por exemplo facilitando a súa profesionalización.
- A educación nun modelo social diferente, no que ademais de revalorizar os coidados, estes deixen de recaer tan marcadamente sobre as mulleres, para pasar a ser asumidos como un compromiso compartido entre homes e mulleres e a comunidade no seu conxunto.

8. Avanzar na participación cidadá cara unha democracia participativa real.

Facilitar activamente a participación social e pública das organizacións ecoloxistas e resto de axentes sociais na vida institucional e potenciar o seu papel como vehículos de participación e sensibilización.

Abrir canles permanentes de participación social na política municipal (como os consellos municipais de medio ambiente nas Axendas 21 Locais), garantir a asistencia pública aos plenos, a difusión de actas e de información municipal e o acceso aos procedementos administrativos. Posibilitar a participación cidadá no deseño orzamentario municipal através da xeralización dos Orzamentos Participativos.

Apostar pola Educación Ambiental (EA) como ferramenta real de transformación social e de participación cidadá nas políticas ambientais. Neste senso cómpre incluír a EA como un capítulo obrigado en todos os planos e programas do concello, cando menos dos que teñan incidencia no ambiente.

Desenvolver un Plano de Educación Ambiental Municipal (que reflicta a pegada ecolóxica local), no que se poidan implicar as entidades ambientais e sociais, co obxectivo de consolidar as boas prácticas ambientais mediante a promoción da igualdade, a democracia e a calidade de vida nun clima de respecto social e ambiental.

Desenvolver participativamente ou actualizar no seu caso un regulamento de ordenanzas municipais de medio ambiente.

Aplicación estrita da Lei 27/2006 de acceso á información, participación e xustiza en materia de medio ambiente. Os Concellos deben difundir a existencia deste instrumento legal entre a cidadanía e potenciar o seu uso.

9. Facer unha reforma verde do sistema fiscal local e impulsar unha contratación pública verde

Aproveitar as competencias locais en materia fiscal para penalizar os comportamentos ambientais incorrectos e favorecer aqueles acordos coa sustentabilidade, através da reforma dos tributos existentes (recollida do lixo para reducir o vertido, regulación do tráfico motorizado para gravar as emisións contaminantes...), da introdución de novos tributos (sobre o desbaldimento de recursos, a depuración da auga para as industrias...) así como reinvestir o canon hidráulico e eólico na millora ambiental.

Os ingresos obtidos cos tributos ambientais destinaranse ao fomento da sustentabilidade.

Poñer en marcha políticas de compra pública ética, con obxectivos cuantitativos e prazos para a súa implantación, que fomenten a adquisición de produtos e servizos ecoloxicamente sustentábeis e socialmente xustos. Os concellos, como administración máis próxima á cidadanía deben ser un exemplo a seguir e un factor de promoción e dinamización da produción de bens e servizos verdes (comercio xusto, ecolóxico, local, etc).

10. Afortalar a cooperación internacional para o desenvolvemento sustentábel

O ano 2015 é chave no ámbito local, estatal e internacional. Ademais dos distintos procesos electorais, este ano pecharase a nova axenda internacional para o desenvolvemento. Nacida da aprendizaxe dos erros dos ODM (Obxectivos do Milenio), a nova Axenda Post-2015 establecerá unha nova proposta para erradicar a pobreza e as desigualdades en todo o mundo baseada nun novo modelo de desenvolvemento incluínte e sustentábel. Os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) constitúen unha oportunidade histórica de cambio real da que os gobernos locais non poden desvencellarse.

Por iso, os concellos deben:

-Recoñecer a cooperación ao desenvolvemento como unha política municipal pública e social fundamental na loita contra as causas e consecuencias da pobreza e as desigualdades. A cooperación ao desenvolvemento local debe contribuír a conseguir unha cidadanía crítica, activa e solidaria a través da promoción da transformación social e da fin das inxustizas sociais. Isto pasa tamén por apostar decididamente pola Educación para o Desenvolvemento.

- Garantir dotacións orzamentarias suficientes para o desenvolvemento das políticas municipais de cooperación ao desenvolvemento. Para isto, deberán incrementarse as dotacións actuais até chegar a un mínimo do 0,2% dos orzamentos xerais consolidados durante o próxima lexislatura. Deste xeito, poderase camiñar cara ao obxectivo do 0,7%.
- Promover e cumprir o Pacto Galego contra a Pobreza asinado por todos os partidos políticos con representación no Parlamento de Galiza.

Os concellos promoverán tamén labores de cooperación de carácter ambiental, trasladando ou adaptando proxectos útiles localmente nas comunidades destinatarias, para impulsar accións que acheguen desenvolvemento, aproveitamento sustentábel de recursos e conservación da contorna nesas comunidades.

Esta cooperación necesaria non debe entenderse dun xeito unidireccional, como unha acción a exercer polas sociedades máis enriquecidas, no macroeconómico, sobre aquelas que non chegan a determinados indicadores. O importante é establecer relacións de cooperación horizontal, descentralizada e con múltiples direccións para conseguir, para alén das cifras macro, fomentar a aprendizaxe mutua, o intercambio e a colaboración en accións que axuden a cumprir determinados obxectivos comúns. Os concellos galegos deben polo tanto estar abertos tanto facilitar actividades no exterior, como a incorporar elementos valiosos desenvolvidos en ámbitos locais diversos no plano internacional.

Galiza, Abril de 2015

ADEGA, Amigos da Terra, APDR (Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra), CEMMA, FEG (Federación Ecoloxista Galega, formada polos grupos ADEGA, ADENCO, AEMS-Ríos con Vida, APDR, Asemblea do Suído, CES, Coto do Frade, GN Hábitat, Guerrilleiros das Fragas, Luita Verde, MEL, Naturviva, Néboa, Niño do Azor, Oureol, Vaipolorío, Verboxido, Verdegaiã e Xevale) e Verdegaiã

